



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G., sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

En Meaño, 10 de maio de dous mil dezaoitto

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E don Carlos Carrión Álvarez, Presidente da adega Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G., actuando en nome e representación da adega, segundo consta no Rexistro de Cooperativas de Galicia no Libro de Inscripción de Sociedades Cooperativas (Tomo V, Folla 285-SCT, asento 24).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica a redacción do apartado 2 do artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no seu punto 32 que a formación profesional, no sistema educativo,



ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que podan producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

Igualmente, modifícase a redacción do apartado 2 do artigo 42, que contempla que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos quen acredite unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As Administracións Educativas regularán esta fase e a mencionada exención.

2. Que a Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

3. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

- A) A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.
- B) Esta colaboración ten a seguinte finalidade:
 - Realización do módulo de formación en centros de traballo.
 - Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, nas condicións que se determine, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.



- Uso polas empresas das instalacións e do equipamento dos centros, nas condicións que se determine, sempre que non interfiran no desenvolvemento das actividades docentes.
- Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
- A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
- Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.

C) A colaboración formalizarase mediante convenio.

4. Que Paco&Lola é unha adega fundada no ano 2005 por iniciativa dun grupo de viticultores e produtores de viño da comarca do Salnés, que decidiron profesionalizar a súa produción. Esta cooperativa denomínase Sociedade Cooperativa Vitivinícola Arousana e actualmente está constituída por máis de 400 socios, sendo a cooperativa máis importante por número de socios da D.O. Rías Baixas. A adega conta con 200 hectáreas de viñado propio repartidas en máis de 1800 parcelas, características do minifundio galego e localizadas na súa totalidade na subzona do “Val do Salnés”.

5. Que dende a Cooperativa Vitivinícola Arousana S.C.G. mostran a súa disposición a colaborar coa “Rede galega de Formación profesional de hostalaría” a través de distintas áreas que poidan contribuír a unha formación complementaria para o alumnado do ciclos formativos da familia de Hostalaría e Turismo.

6. Que as partes asinantes están dispostas a colaborar nas diferentes actuacións, previstas neste convenio, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades do sector da hostalaría, promover a inserción laboral do alumnado e impulsar a formación profesional que se imparte en Galicia.



En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración no campo da formación e da aprendizaxe de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a) Establecemento dun programa de formación en centros de traballo (FCT), para o alumnado que curse formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións das adegas pertencentes á Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G..
- b) Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c) Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos traballadores e das traballadoras das adegas da Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G., dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a consellería.
- d) Impulsar un sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral nas empresas, que favoreza e complementa a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.
- e) Desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- f) Colaboración específica cos centros da “Rede galega de Formación profesional de hostalaría” a través de distintas áreas que poidan contribuír a unha formación complementaria para o alumnado dos ciclos formativos de:
 - CM Servizos de restauración. Módulo “o viño e o seu servizo”.
 - CS Dirección de servizos de restauración. Módulo “sommelier”.



Segunda. Programa de formación en centros de traballo

Os centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de formación profesional determinarán, por escrito, o alumnado que vaia realizar o módulo de FCT nas instalacións das adegas da Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G. para cada curso escolar e de acordo coas estipulacións previstas neste convenio. Neste documento, determinarase o seu calendario e o seu horario, que terá que axustarse ao previsto no correspondente módulo de FCT.

A adega responsabilizarase da formación do alumnado, para o que designará aos/ás titores/as responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un/ha titor/a ou titores/as que colaborarán co/a titor/a da adega na elaboración do programa formativo e no apoio técnico ao alumnado.

Cada alumno/a asistirá ao centro de traballo provisto da súa tarxeta de identificación ou D.N.I., e observará as normas do centro de traballo no tocante á puntualidade, asistencia e comportamento. A adega poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno/a, por incumprimento das normas, abondando para iso unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o/a titor/a do/a mesmo/a.

O/A alumno/a non terá en ningún caso vinculación laboral coa adega, non podendo establecerse entre esta e aquel/a ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contratos formativos, previstos no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este convenio queda absolutamente excluído da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a adega e o/a alumno/a, mentres non se revoque expresamente o convenio de colaboración formativa entre o centro educativo e a dirección da adega, respecto dese/a alumno/a.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumnado, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



Terceira. Formación e actualización do profesorado

Á proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas referentes ás novas tecnoloxías de común interese, tanto para persoal específico das adegas da Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G., dentro das súas posibilidades, como da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Para tal fin, a cooperativa colaborará, mediante o oportuno apoio técnico e loxístico, no programa de formación do profesorado e máis concretamente nas estancias en empresas por tempo definido, para o profesorado de formación profesional e segundo as necesidades de formación, previstas na convocatoria de estadias en empresas que anualmente promove a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G. colaborará na formación e actualización do profesorado, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en aquelas técnicas e tecnoloxías que considere de interese, e especialmente colaborará na obtención do título de especialización didáctica previsto para o profesorado de formación profesional inicial conforme ao Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, (BOE 4/02/2004), modificado polo Real decreto 1258/2005, do 21 de outubro (BOE 8/11/2005).

Cuarta. Recoñecemento da experiencia laboral dos/as traballadores/as das adegas da Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.

Dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria analizará coa Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G. a posibilidade de acreditar a experiencia profesional dos/as traballadores/as das adegas e convocar aquelas cualificacións profesionais vinculadas a determinados postos de traballo das mesmas.

Quinta. Impulso ao sistema de formación profesional dual

A Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G. colaborará no impulso da formación profesional dual e doutras formacións en alternancia do sistema educativo a través da divulgación e implantación da formación profesional dual nos centros de traballo da cooperativa. Neste sentido, valorará as posibilidades de poñer en funcionamento un proxecto de formación dual co obxecto da cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral na cooperativa, que favoreza e complemente a adquisición das competencias



profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo. Este proxecto formalizarase coa firma dun convenio específico.

Sexta. Desenvolvemento de proxectos de innovación

Dentro das iniciativas de innovación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoveranse as actuacións conxuntas da consellería e da Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G. tanto no desenvolvemento de proxectos de innovación nos centros educativos de formación profesional como calquera outra iniciativa que potencie a transferencia de coñecemento, buscando a calidade e a excelencia na formación profesional.

Sétima. Colaboracións específicas da Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G. coa “Rede galega de Formación profesional de hostalaría”

A adega ofrece as seguintes liñas de colaboración para o alumnado e profesorado dos centros da “Rede galega de Formación profesional de hostalaría”:

- A) Visitas do alumnado á adega en dous momentos diferentes para coñecer polo miúdo:
- Viños en rama tras a fermentación alcohólica: cata e correspondencia cas diferentes calidades/referencias que ten a adega, así como explicacións das características organolépticas e analíticas xerais da colleita, influencia do tempo atmosférico ao longo do ciclo fenolóxico e outras peculiaridades que conveña coñecer.
 - Viños terminados: cata dos primeiros viños da colleita que se van a embotellar, explicacións analíticas e das estratexias seguidas para cada referencia/marca. Cata dos viños que están facendo crianzas e/ou dos seleccionados para facela.
- B) Visitas de persoal da adega (enólogos, técnicos de viticultura) aos centros educativos:
- Presentación de vinos do ano: cata e explicacións.
 - Catas verticais das principais referencias para ver diferencias analíticas e organolépticas das diferentes marcas segundo as colleitas, e así ver a evolución dos viños co paso dos anos. Preténdese afondar na idea de que os brancos poden ser viños de garda.
- C) Subministración de viños para:
- A. A realización de catas, maridaxes, etc. Nos centros educativos dentro das actividades de ensino-aprendizaxe.
 - B. Colaborar na realización de eventos, congresos, etc. que os membros da rede realicen ben nos seus centros ou fóra deles.



C. Aos economatos a prezos especiais para ser ofrecidos nos restaurantes dos centros.

D) Colaboración no Campionato Galego de Formación Profesional, Galiciaskills.e no nacional Spainskills.

Ademais a cooperativa está aberta ás suxestións que se estimen oportunas e que poidan ser de interese para a formación dos futuros profesionais da hostalaría.

Oitava. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Dúas persoas representantes da Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G..
- Una persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretaria.

Novena. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data prevista de finalización do convenio.

Décima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, o alumnado e a cooperativa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei



1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente da Cooperativa Vitivinícola
Arousana, S.C.G

Román Rodríguez González

Carlos Carrión Álvarez